



FERVENZAS DO RÍO SAN LÁZARO

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: Camiño da Camparada: 2,5 km (ida e volta)

 Baixada á ferverza: 2 km (ida e volta)

Dificultade: baixa, agás a baixada á ferverza.

Duración: 3 horas




O río de San Lázaro baixa desde Manzaneda ata o Bibei formando un profundo canón, no linde entre Manzaneda e Pobra de Trives. Na súa caída forma varios saltos de difícil acceso. O máis grande ten un 40 m de altura.

COMO CHEGAR: desde Pobra de Trives cóllese a estrada a Manzaneda e, un pouco antes de chegar a Sobrado unha pista de terra que vai ata os viñedos da Camparada, desde onde podemos ver, de lonxe, a parte alta.

Para achegarse á ferverza hai que ir ata o pazo Barbeirón e por dentro da finca chegar á granxa e, desde alí, por fóra do peche de arame que separa os prados, camiñar cara ao río. Un sendeiro pouco evidente que pasa por enriba da zona do tendido eléctrico leva á parte alta do salto. Para poder velo hai que cruzar o río e “atreverse” a baixar pola empinada e difícil ladeira.



Ferverza no regueiro da Acea, un afluente do San Lázaro que só leva auga cando reborda o encoro que ten na parte alta. Vese ao lonxe desde o mesmo sitio que a outra ferverza, no camiño da Camparada.



Parte alta da Ferverza de san Lázaro desde o camiño da Camparada.